

## DESCRICIÓN E OBXECTIVOS



Axudas dirixidas ás microempresas, pequenas e medianas empresas galegas así como ás entidades do terceiro sector de acción social destinadas ao financiamento de servizos externos de apoio á innovación.

Diferéncianse tres tipos de bonos de que se agrupan nas seguintes liñas:

### Liña 1

Bonos á protección da innovación, xestión da innovación e vixilancia tecnolóxica, así como accións estratéxicas para desenvolver novos produtos, procesos e servizos.

Poden incluír calquera acción e custo dos seguintes:

- Custos da **protección do coñecemento** da innovación industrial nas empresas
- Custos da **mellora na xestión da innovación e vixilancia tecnolóxica**: implantación de sistemas de xestión e organización da innovación e estudos de vixilancia e estado da arte
- Custos das **accións estratéxicas para desenvolver novos produtos, procesos e servizos**. Entre as actividades subvencionadas inclúense:
  - Estudos de viabilidade tecnolóxica e industrial
  - Deseño de produtos e servizos: concepción e desenvolvemento de novos produtos ou servizos, incluídas experiencias, que se perciban no mercado como novos ou, no caso de redeseño dos xa existentes, que se aprecie unha mellora substancial.
  - Accións para levar a mercado ou implantar os resultados da actividade de I+D+i tales como: estudos de mercado, ensaios, validacións e teste de produtos ou servizos.

### Liña 2

Bonos para xestión do financiamento da innovación contratadas cos axentes da innovación, encamiñadas á:

#### Tipo A:

**Tramitación de incentivos fiscais á I+D+i e bonificacións da seguridade social de persoal investigador** que conduzan á obtención da cualificación fiscal para a solicitude do informe motivado vinculante correspondente ao exercicio fiscal 2022.

Inclúense como custos subvencionables os das certificadoras acreditadas por ENAC, necesarias para ambos trámites, así como consultarías e servizos profesionais de apoio para a súa tramitación.

#### Tipo B:

**Tramitación de presentación de axudas de I+D+i estatais, europeas e internacionais** de tipo individual ou cooperativo.



Serán subvencionables os custos efectuados desde a data de presentación da solicitude ata o 6 de outubro de 2023



Dotación orzamentaria da convocatoria:  
**750.000€**



Subvención (non suxeita a minimis)

## INTENSIDADE DA AXUDA

Modalidade bonos	Investimentos	Subvención	Intensidade
<b>Liña 1:</b> Apoio á innovación	de 15.000 ata 50.000€	de 7.500 ata 35.000€	Con carácter xeral: 70% Custos de protección de coñecemento: 50%
<b>Liña 2:</b> Tramitación do financiamento da innovación	sen límite	Máximo 5.000€	70%

#### Organismo xestor:

Axencia Galega de Innovación

#### Tipo de apoio:

Axuda a fondo perdido

#### Código do procedemento:

IN848F

#### Data de publicación DOG:

Pendente

#### Prazo de presentación:

2 meses dende a publicación no DOG

#### Presentación de solicitudes:

sede.xunta.gal

#### Máis información:

981 957 017 / 981 957 008

servizos.gain@xunta.gal

<http://gain.xunta.gal>



XUNTA  
DE GALICIA